



# INFORME ANUAL DE RESULTADOS DA EIDUDC 2023

Aprobado polo Comité de Dirección da EIDUDC  
na súa sesión do 15 de xaneiro de 2025

---



---

## Índice

1. Admisión e matrícula nos estudos de doutoramento .....	1
1.1. Matrícula e taxa de abandono .....	1
1.2. Impacto do doutoramento na matrícula dos estudos oficiais da UDC .....	2
1.3. Estudantado matriculado por programa de doutoramento .....	3
1.4. Taxa de demanda: Relación entre a oferta de prazas e a admisión .....	4
1.5. Taxa de ocupación: Relación entre a oferta de prazas e a matrícula .....	5
1.6. Estudantado matriculado por liña de investigación .....	6
2. Teses de doutoramento .....	8
2.1. Teses defendidas na UDC .....	8
2.2. Teses defendidas por POD .....	9
2.3. Taxa de graduación .....	11
3. Mobilidade e internacionalización .....	13
3.1. Matrícula de estudantado estranxeiro no doutoramento .....	13
3.1.1. Matrícula de estudantado estranxeiro na EIDUDC .....	13
3.1.2. Impacto do doutoramento na matrícula de estudantado estranxeiro na UDC .....	14
3.1.3. Matrícula de estudantado estranxeiro por programa de doutoramento .....	15
3.1.4. Matrícula de estudantado estranxeiro por zona xeográfica de procedencia .....	17
3.1.5. Estudantado estranxeiro segundo o país de procedencia .....	18
3.2. Teses defendidas polo estudantado estranxeiro .....	20
3.2.1. Porcentaxe de teses defendidas en cada POD polo estudantado estranxeiro .....	20
3.2.2. Contribución de cada POD ás teses defendidas polo estudantado estranxeiro .....	21
3.2.3. Teses defendidas do estudantado estranxeiro por país .....	23
3.3. Teses defendidas que obtiveron a mención internacional .....	25
4. Axudas Inditex-UDC para estadias predoutorais no estranxeiro .....	26
4.1. Obxecto das axudas .....	26
4.2. Comisión de seguimento do convenio .....	26
4.3. Publicación das convocatorias .....	26
4.4. Resultados do Programa Inditex-UDC .....	27
4.4.1. Datas das convocatorias e das resolucións das axudas .....	27
4.4.2. Importe das axudas .....	27
4.4.3. Distribución de estadias realizadas por lugar de destino .....	28
4.4.4. Participación de homes e mulleres .....	29
4.4.5. Distribución de estadias por rama de coñecemento .....	29
5. Calidade .....	30
5.1. Renovación da acreditación dos programas de doutoramento .....	30
5.2. Sistema de Garantía da Calidade da EIDUDC .....	31
5.3. Enquisas de satisfacción aos grupos de interese .....	31
5.4. Resultados das enquisas dos cursos académicos 2017/18 a 2019/20 .....	32
5.4.1. Enquisas ao PDI 2017-2020. Resultados globais .....	32
5.4.2. Enquisas ao estudantado 2017-2020. Resultados globais .....	34
5.4.3. Enquisas ao persoal de apoio 2017-2020. Resultados globais .....	36
5.5. Resultados das enquisas desde o curso académico 2020/21 .....	38
5.5.1. Enquisas ao PDI desde o curso 2020/21 .....	38
5.5.2. Enquisas ao estudantado desde o curso 2020/21 .....	40
5.5.3. Enquisas ao persoal de apoio desde o curso 2020/21 .....	44
6. Igualdade .....	46
6.1. Porcentaxe de homes e mulleres nas direccións de teses defendidas .....	46
6.2. Porcentaxe de homes e mulleres que defenderon a tese .....	46

---

## 1. Admisión e matrícula nos estudos de doutoramento

### 1.1. Matrícula e taxa de abandono

Os resultados da matrícula total no conxunto dos POD da EIDUDC dos catro últimos cursos académicos son moi similares, situándose arredor dos 1.300 estudantes por curso académico (Táboa 1.1.1).

Tampouco se observan grandes cambios na matrícula do estudiantado de novo ingreso, que desde o curso 2016/17 acada un valor medio de 290 estudantes por curso académico.


Táboa 1.1.1. Estudiantado de doutoramento matriculado na UDC por curso académico

Curso académico	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Nº total de estudantes	1.038	1.143	1.257	1.312	1.297	1.303	1.318	1.280
Nº de estudantes de novo ingreso	295	290	280	309	272	294	317	265

Fonte: Xestat

Por outra banda, a matrícula de novo ingreso supón entre a cuarta e a quinta do total do estudiantado (Figura 1.1) e amosa un crecemento discreto pero continuo desde o curso 2020/21, aínda que no curso 2023/24 experimenta un leve retroceso.

Figura 1.1. Porcentaxe de estudiantado de novo ingreso



Fonte: Xestat

A **taxa de abandono** no conxunto dos estudos de doutoramento (relación entre o número de estudantes de doutoramento que causan baixa definitiva no curso X e o total de estudantes de doutoramento que se poderían volver a matricular nos estudos de doutoramento) semella estar estabilizada en torno ao 14%, un valor susceptible de mellora (Táboa 1.1.2).

Táboa 1.1.2. Taxa de abandono nos estudos de doutoramento da UDC

Curso académico	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Taxa de abandono	14,1%	14,3%	12,0%	14,2%	13,4%

Os datos de matrícula total e de novo ingreso, así como as taxas de abandono dos últimos cursos académicos, parecen indicar que a matrícula de estudantes está estabilizada.

## 1.2. Impacto do doutoramento na matrícula dos estudos oficiais da UDC

Tal como reflicte a Táboa 1.2.1, a matrícula de doutoramento representa algo máis do 7% do total do estudiantado matriculado en títulos oficiais da UDC (grao + mestrado + doutoramento).

Táboa 1.2.1. Estudiantado matriculado nos títulos universitarios oficiais da UDC

Matrícula	Curso académico									
	2019/20		2020/21		2021/22		2022/23		2023/24	
	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%
<b>Grao</b>	13.581	80,7	13.732	79,7	13.558	79,3	13.578	79,1	13.746	79,4
<b>Mestrado</b>	2.065	12,3	2.231	12,9	2.347	13,7	2.330	13,6	2.298	13,3
<b>Doutoramento</b>	1.186	7,0	1.267	7,4	1.199	7,0	1.258	7,3	1.260	7,3
<b>Total</b>	<b>16.832</b>		<b>17.230</b>		<b>17.104</b>		<b>17.166</b>		<b>17.304</b>	

Fonte: Memorias de xestión. Informe do/a reitor/a para o Claustro ([https://www.udc.es/gl/cifras/memorias\\_xestion/](https://www.udc.es/gl/cifras/memorias_xestion/))

Este impacto na UDC da matrícula de doutoramento respecto á matrícula global en títulos oficiais resulta significativamente superior ao da matrícula en estudos de doutoramento no contexto do Sistema Universitario Español, que está en torno ao 5,5% (Táboa 1.2.2).

Táboa 1.2.2. Estudiantado matriculado nos títulos universitarios oficiais do Sistema Universitario Español

Matrícula	Curso académico							
	2019/20		2020/21		2021/22		2022/23	
	n	%	n	%	n	%	n	%
<b>Grao</b>	-		1,340.632	79,8	1,338.304	79,1	1,353.347	78,6
<b>Mestrado</b>	-		248.460	14,8	258.991	15,3	276.518	16,0
<b>Doutoramento</b>	-		90.426	5,4	93.652	5,5	92.382	5,4
<b>Total</b>	-		<b>1,679.518</b>		<b>1,690.947</b>		<b>1,722.247</b>	


Fonte: Datos e cifras do Sistema Universitario Español

[https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2023/04/DyC\\_2023\\_web\\_v2.pdf](https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2023/04/DyC_2023_web_v2.pdf)  
[https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2022/11/Datos\\_y\\_Cifras\\_2021\\_22.pdf](https://www.universidades.gob.es/wp-content/uploads/2022/11/Datos_y_Cifras_2021_22.pdf)

### 1.3. Estudantado matriculado por programa de doutoramento

A Figura 1.3 ilustra a distribución da matrícula do estudantado por POD no curso académico 2023/24.

Figura 1.3. Porcentaxe de matrícula por programa de doutoramento no curso 2023/24



### 1.4. Taxa de demanda: Relación entre a oferta de prazas e a admisión

A Táboa 1.4 recolle a **taxa de demanda** (relación numérica entre a número de solicitudes de admisión e a oferta de prazas, que mide o potencial de atracción) por POD e para a EIDUDC (conxunto de estudos de doutoramento), nos catro últimos cursos académicos.

A taxa de demanda da EIDUDC oscila entre 1,0 e 1,2 (valor positivo), mentres que a dos POD oscila entre 0,0 (valor moi negativo) e 3,0 (valor moi positivo).

Estes datos indican que algúns PODs precisan adaptar a súa oferta de prazas á demanda real do título.

Táboa 1.4. Taxa de demanda da EIDUDC e de cada programa de doutoramento por curso académico

Programas Oficiais de Doutoramento	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>EIDUDC</b>	<b>1,1</b>	<b>1,0</b>	<b>1,2</b>	<b>1,1</b>	<b>1,1</b>
Análise Económica e Estratexia Empresarial	2,6	2,3	1,9	1,7	2,3
Arquitectura e Urbanismo	0,8	0,6	0,4	0,4	0,8
Biología Celular e Molecular	0,9	0,9	0,7	1,7	1,1
Biotecnoloxía Avanzada	2,0	1,0	2,0	2,3	1,8
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	0,9	0,5	0,5	1,0	0,8
Ciencias da Saúde	1,8	1,4	1,7	1,6	1,6
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	1,4	2,0	2,9	1,5	1,6
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,3	0,6	0,2	0,8	0,8
Ciencias Sociais e do Comportamento	1,7	1,9	1,8	1,9	1,6
Ciencias Sociais e Envellecemento	-	-	-	1,8	1,5
Computación	0,8	1,2	1,1	0,8	0,8
Dereito	2,3	2,6	1,9	2,2	2,1
Dereito Administrativo Iberoamericano	1,5	1,4	2,1	1,5	1,8
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	1,3	1,4	1,8	1,3	1,3
Enerxía e Propulsión Mariña	2,3	1,5	1,0	1,8	2,3
Enxeñaría Civil	0,8	0,9	0,7	0,5	0,6
Enxeñaría Naval e Industrial	0,6	0,8	0,9	1,3	1,3
Equidade e Innovación en Educación	2,3	2,0	3,0	2,9	2,3
Estatística e Investigación Operativa	0,9	0,8	0,6	0,3	1,0
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	1,1	1,1	0,8	1,0	1,2
Estudos Lingüísticos	1,7	1,7	1,5	1,2	1,2
Estudos Literarios	0,4	1,0	0,8	0,9	0,9
Física Aplicada	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2
Investigación Agraria e Forestal	1,0	0,6	1,9	0,5	1,1
Investigación en Tecnoloxías da Información	0,2	0,3	0,5	0,6	0,3
Láser, Fotónica e Visión	0,0	0,0	0,3	0,0	0,5
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0,0	0,0	1,0	0,8	0,5
Matemáticas e Aplicacións	-	-	-	0,0	0,5
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,7	0,3	1,0	0,3	0,4
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,3	0,5	1,0	0,5	1,2
Neurociencias	1,3	0,8	1,5	1,5	1,3
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	1,2	1,0	1,4	1,2	1,2
Protección do Patrimonio Cultural	2,0	1,0	1,2	1,0	1,0
Química Ambiental e Fundamental	0,9	0,3	0,5	1,2	1,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	2,1	0,7
Saúde e Motricidade Humana	1,7	1,8	2,3	1,4	1,1
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	0,7	1,0	1,2	1,0	2,2
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	1,0	1,1	1,5	0,7	1,3
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	0,5	0,2	0,4	0,3	0,5

Fonte: Xestat

### 1.5. Taxa de ocupación: Relación entre a oferta de prazas e a matrícula

A Táboa 1.5 recolle a **taxa de ocupación** (relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso e a oferta de prazas) por POD e para a EIDUDC (conxunto de PODs), nos catro últimos cursos académicos.

A taxa de ocupación da EIDUDC oscila entre 53% e o 64%, mentres que a dos POD oscila entre 0% (valor moi negativo) e 175% (valor moi positivo).

Estes datos indican que algúns PODs precisan adaptar a súa oferta de prazas á matrícula do título.

Táboa 1.5. Taxa de ocupación da EIDUDC e de cada programa de doutoramento por curso académico

Programas Oficiais de Doutoramento	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>EIDUDC</b>	<b>64</b>	<b>57</b>	<b>61</b>	<b>64</b>	<b>53</b>
Análise Económica e Estratexia Empresarial	92	92	100	67	83
Arquitectura e Urbanismo	67	40	20	17	37
Bioloxía Celular e Molecular	67	60	60	107	40
Biotecnoloxía Avanzada	175	25	125	175	75
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	40	20	27	73	40
Ciencias da Saúde	100	100	110	123	110
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	73	80	87	87	80
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	10	30	10	50	20
Ciencias Sociais e do Comportamento	100	81	100	94	69
Ciencias Sociais e Envellecemento	-	-	-	75	25
Computación	45	90	80	60	50
Dereito	120	113	113	113	87
Dereito Administrativo Iberoamericano	107	80	107	87	87
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	80	70	60	70	90
Enerxía e Propulsión Mariña	183	117	83	100	150
Enxeñaría Civil	50	45	45	41	18
Enxeñaría Naval e Industrial	40	55	70	90	45
Equidade e Innovación en Educación	82	55	100	145	91
Estatística e Investigación Operativa	50	63	25	13	13
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	64	50	29	57	21
Estudos Lingüísticos	50	33	0	83	50
Estudos Literarios	42	92	42	50	42
Física Aplicada	3	9	6	3	9
Investigación Agraria e Forestal	100	63	138	13	75
Investigación en Tecnoloxías da Información	13	13	20	40	13
Láser, Fotónica e Visión	0	0	0	0	25
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0	0	25	25	25
Matemáticas e Aplicacións	-	-	-	0	0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	57	29	57	14	0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0	33	0	0	0
Neurociencias	100	50	0	25	25
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	75	55	70	65	75
Protección do Patrimonio Cultural	60	20	80	40	80
Química Ambiental e Fundamental	80	33	33	93	67
Relacións Laborais e Recursos Humanos	-	-	-	80	20
Saúde e Motricidade Humana	125	100	142	100	100
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	40	40	70	60	50
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	70	75	100	55	85
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	30	10	20	20	20

Fonte: Xestat



## 1.6. Estudantado matriculado por liña de investigación

A Táboa 1.6 e a Figura 1.6 recollen a relación entre o estudantado matriculado no curso 2023/24 en cada POD e o número actual de liñas de investigación dos programas.


Táboa 1.6. Ratio de estudantes por liña de investigación

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO	Matrícula no curso 2023/24	Nº liñas actuais	Estudantes por liña
Análise Económica e Estratexia Empresarial	49	13	3,8
Arquitectura e Urbanismo	57	7	8,1
Bioloxía Celular e Molecular	52	13	4,0
Biotecnoloxía Avanzada	23	13	1,8
Ciencias da Saúde	164	5	32,8
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	44	21	2,1
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	28	16	1,8
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	11	4	2,8
Ciencias Sociais e do Comportamento	59	2	29,5
Ciencias Sociais e Envellecemento	4	5	0,8
Computación	56	9	6,2
Dereito	64	11	5,8
Dereito Administrativo Iberoamericano	54	38	1,4
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	40	6	6,7
Enerxía e Propulsión Mariña	30	50	0,6
Enxeñaría Civil	54	8	6,8
Enxeñaría Naval e Industrial	46	3	15,3
Equidade e Innovación en Educación	47	2	23,5
Estatística e Investigación Operativa	7	2	3,5
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	26	7	3,7
Estudos Lingüísticos	13	8	1,6
Estudos Literarios	25	2	12,5
Física Aplicada	8	26	0,3
Investigación Agraria e Forestal	28	12	2,3
Investigación en Tecnoloxías da Información	13	4	3,3
Láser, Fotónica e Visión	1	2	0,5
Lóxica e Filosofía da Ciencia	3	4	0,8
Matemáticas e aplicacións	0	3	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	11	3	3,7
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2	7	0,3
Neurociencias	7	54	0,1
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	47	87	0,5
Protección do Patrimonio Cultural	12	3	4,0
Química Ambiental e Fundamental	48	31	1,5
Relacións Laborais e Recursos Humanos	10	3	3,3
Saúde e Motricidade Humana	45	2	22,5
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	24	1	24,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	57	16	3,6
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	8	5	1,6
<b>Total</b>	<b>1.277</b>	<b>500</b>	<b>2,6</b>

Fontes:

- Xestat (estudiantado matriculado por POD)
- Web EIDUDC (número de liñas de cada POD)

Figura 1.6. Ratio de estudantes por liña de investigación



## 2. Teses de doutoramento

### 2.1. Teses defendidas na UDC

A Táboa 2.1 recolle o número de teses defendidas no período 2012/20, de acordo con dous criterios:

- Teses defendidas por ano: inclúe as teses de programas regulados polo Real Decreto 99/2011 e normativas anteriores (Real Decreto 778/1998 e Real Decreto 1393/2007).
- Teses defendidas por curso: inclúe só as teses de programas regulados polo Real Decreto 99/2011


Táboa 2.1. Teses defendidas na UDC desde 2012 (por ano e curso académico)

Ano	Total teses	Mención cum laude		Mención internacional		Curso	Teses RD 99/2011
		nº	%	nº	%		
2012	107	99	93	15	14	2012/13	0
2013	129	104	81	30	23	2013/14	1
2014	114	99	87	30	26	2014/15	6
2015	224	192	86	57	25	2015/16	22
2016	154	137	89	41	27	2016/17	52
2017	172	151	88	53	30	2017/18	86
2018	86	83	97	39	45	2018/19	101
2019	111	98	88	43	39	2019/20	109
2020	111	103	93	53	48	2020/21	123
2021	121	104	86	44	36	2021/22	122
2022	114	103	90	40	35	2022/23	99
2023	123	113	92	44	36	2023/24	129

Fonte: Xestat

No período 2015/17 e, en particular, no ano 2015, rexístrase un elevado número de teses defendidas por ano. Isto se debe a que neste período vencían os prazos límite de defensa de teses de doutoramento de normativas en extinción (Figura 2.1).

Figura 2.1. Evolución do número de teses defendidas na UDC desde 2012



Os resultados do período 2019/22 suxiren a estabilización do número de teses defendidas por ano, e a volta a valores similares aos do período (2012/14).

En canto á mención cum laude (Táboa 2.1), cabe destacar a significativa redución do ano 2013. Non obstante, desde ese ano foise producindo un crecemento case continuo ata alcanzar un valor en 2020 exactamente igual ao do ano 2012.

## 2.2. Teses defendidas por POD

A Táboa 2.2 recolle a suma de teses defendidas na UDC en cada POD regulado polo Real Decreto 99/2011.

Táboa 2.2. Teses defendidas por POD no período 2012-2023

POD (verificado polo Real Decreto 99/2011)	Teses 2012-23
Análise Económica e Estratexia Empresarial *	32
Arquitectura e Urbanismo	23
Biología Celular e Molecular	36
Biotecnología Avanzada	14
Ciencias da Saúde	112
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable **	26
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	23
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión ***	12
Ciencias Sociais e do Comportamento	17
Ciencias Sociais e Envellecemento *****	0
Computación	27
Dereito	30
Dereito Administrativo Iberoamericano	30
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	25
Energía e Propulsión Mariña	20
Enxeñaría Civil	33
Enxeñaría Naval e Industrial	35
Equidade e Innovación en Educación	37
Estatística e Investigación Operativa	13
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	19
Estudios Lingüísticos	10
Estudios Literarios	22
Física Aplicada	10
Investigación Agraria e Forestal	24
Investigación en Tecnoloxías da Información	10
Láser, Fotónica e Visión	1
Lóxica e Filosofía da Ciencia	1
Matemáticas e Aplicacións *****	0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	9
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2
Neurociencias	5
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades ****	15
Protección do Patrimonio Cultural	3
Química Ambiental e Fundamental	32
Relacións Laborais e Recursos Humanos *****	0
Saúde e Motricidade Humana	13
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	8
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	27
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	23
TOTAL	<b>779</b>

Fonte: Oficina de Doutoramento da EIDUDC

\* Inclúe ao POD en *Análise Económica e Empresarial* pola UDC (RD 99/2011)

\*\* Inclúe ao POD en *Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable* pola UDC (RD 99/2011)


\*\*\* Inclúe ao PD en *Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión* pola UDC, USC, UVigo, Universidade de Aveiro(Portugal), Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro(Portugal), e Universidade do Minho (Portugal)

\*\*\*\* Inclúe ao POD en *Sociedade do Coñecemento: Novas perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades* pola UDC (verificado polo RD 99/2011).

\*\*\*\*\* PODs que comezaron a impartirse no curso académico 2022/23.

A contribución de cada POD en teses de doutoramento defendidas represéntase na Figura 2.2.

Figura 2.2. Porcentaxe de teses defendidas en PODs do RD 99/2011 no período 2012-2023



Fonte: Xestat

### 2.3. Taxa de graduación

A taxa de graduación en grao e mestrado é a “porcentaxe de estudantes que finalizan a titulación no tempo teórico previsto ou nun curso máis”, que se calcula para unha cohorte de entrada nesa titulación. Esta fórmula non é de aplicación ao doutoramento, pois unha mesma cohorte de entrada nun POD ten distintos tempos para realizar a tese (matrícula a tempo completo, parcial ou mixto) e pode causar baixa temporal por un máximo de dous anos. Así, propónse o seguinte cálculo desta taxa para os PODs:

**Taxa de graduación ata o curso X =**

$$\left( \frac{\sum \text{teses defendidas ata o curso X}}{\sum \text{matrícula de novo ingreso ata o curso X-2}} \right) \times 100$$

Os valores desta taxa para cada POD e para a EIDUDC están recollidos na Táboa 2.3. e na Figura 2.3.

*Taxa de graduación ata o curso 2023/2024 por POD e do conxunto da EIDUDC*


Doutoramento	Teses defendidas ata 23/24	Matrícula novo ingreso ata 2021/22	Taxa graduación ata 2023/24
Análise Económica e Estratexia Empresarial *	36	244	14,8
Arquitectura e Urbanismo	26	390	6,7
Biología Celular e Molecular	44	198	22,2
Biotecnoloxía Avanzada	16	86	18,6
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	25	151	16,6
Ciencias da Saúde	127	704	18,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable *	27	219	12,3
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión *	14	77	18,2
Ciencias Sociais e do Comportamento	21	232	9,1
Ciencias Sociais e Envellecemento	0	4	0,0
Computación	31	200	15,5
Dereito	30	334	9,0
Dereito Administrativo Iberoamericano	30	288	10,4
Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde	31	184	16,8
Enerxía e Propulsión Mariña	22	169	13,0
Enxeñaría Civil	39	287	13,6
Enxeñaría Naval e Industrial	36	255	14,1
Equidade e Innovación en Educación	41	226	18,1
Estatística e Investigación Operativa	15	54	27,8
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	19	157	12,1
Estudos Lingüísticos	12	70	17,1
Estudos Literarios	22	155	14,2
Física Aplicada	10	42	23,8
Investigación Agraria e Forestal	25	121	20,7
Investigación en Tecnoloxías da Información	11	68	16,2
Láser, Fotónica e Visión	1	7	14,3
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0	14	0,0
Matemáticas e Aplicacións	0	0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	13	47	27,7
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	2	14	14,3
Neurociencias	7	40	17,5
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades *	20	272	7,4
Protección do Patrimonio Cultural	0	22	0,0
Química Ambiental e Fundamental	38	156	24,4
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0	10	0,0
Saúde e Motricidade Humana	18	132	13,6
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	10	119	8,4
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	40	280	14,3
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	12	44	27,3
<b>EIDUDC</b>	<b>871</b>	<b>6072</b>	<b>14,3</b>

\* Inclúense os datos correspondentes á verificación inicial do programa de acordo co Real Decreto 99/2011.

Fonte: Xestat

Neste cálculo, desbótase a matrícula de novo ingreso dos dous últimos cursos, xa que a permanencia mínima nun POD para iniciar os trámites para a defensa da tese é de 18 meses, aos que hai que sumar o tempo necesario para realizar ditos trámites. En consecuencia, considérase que o estudiantado dos dous últimos cursos non pode ter a tese defendida e, por tanto, non se debe incluír en dito cálculo.

Figura 2.3. Taxa de graduación ata o curso 2023/2024 por POD e do conxunto da EIDUDC



Fonte: Xestat

## 3. Mobilidade e internacionalización

### 3.1. Matrícula de estudantado estranxeiro no doutoramento

#### 3.1.1. Matrícula de estudantado estranxeiro na EIDUDC


Desde a implantación dos programas regulados polo Real Decreto 99/2011, a matrícula do estudantado estranxeiro foi en aumento ata estabilizarse nos últimos cursos académicos en torno aos 290 estudantes por curso (Táboa 3.1.1.1, Figura 3.1.1.1).

Táboa 3.1.1.1. Matrícula do estudantado estranxeiro no doutoramento por curso académico

Estudiantado	Curso académico										
	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
Estranxeiro	41	75	112	148	186	237	287	288	289	296	288
Español	240	465	765	890	956	1020	1025	1009	1014	1022	992
<b>Total</b>	<b>281</b>	<b>540</b>	<b>877</b>	<b>1038</b>	<b>1142</b>	<b>1257</b>	<b>1312</b>	<b>1297</b>	<b>1303</b>	<b>1318</b>	<b>1280</b>

Fonte: Xestat

Figura 3.1.1.1. Matrícula do estudantado estranxeiro no doutoramento por curso académico



Fonte: Xestat

Na actualidade, a matrícula de estudantado estranxeiro supera o 20% de todo o estudantado matriculado nos estudos de doutoramento (Táboa 3.1.1.2, Figura 3.1.1.2).


Táboa 3.1.1.2. Porcentaxe de estudantado de doutoramento estranxeiro por curso académico

Estudiantado	Curso académico										
	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
Español	85,4	86,1	87,2	85,7	83,7	81,1	78,1	77,8	77,8	77,5	77,5
Estranxeiro	14,6	13,9	12,8	14,3	16,3	18,9	21,9	22,2	22,2	22,5	22,5

Fonte: Xestat



Figura 3.1.1.2. Porcentaxe de estudiantado de doutoramento estranxeiro por curso académico



Fonte: Xestat

### 3.1.2. Impacto do doutoramento na matrícula de estudiantado estranxeiro na UDC

Nos cursos 2020/21 a 2020/23, o doutoramento contribuíu notablemente á matrícula de estudiantado estranxeiro nos títulos oficiais da UDC (grao + mestrado + doutoramento). Así, neste período, a matrícula de estudiantado estranxeiro de doutoramento representou a terceira parte da matrícula nos títulos oficiais da UDC (Táboa 3.1.2).

Desde o curso 2020/21, no que a matrícula do estudiantado estranxeiro no doutoramento acadaba o 37,0% da matrícula de todo o estudiantado da UDC, a relevancia do doutoramento na internacionalización da UDC reduciuse progresivamente, de modo no curso 2023/24 acada o 27,6%.

Con todo, cabe resaltar a destacada contribución do doutoramento na matrícula de estudiantado estranxeiro da UDC, xa que a matrícula no doutoramento só representa o 7% da matrícula total dos títulos oficiais da UDC.

Táboa 3.1.2. Estudiantado estranxeiro matriculado nos títulos universitarios oficiais da UDC

Matrícula	Curso académico							
	2020/21		2021/22		2022/23		2023/24	
	n	%	n	%	n	%	n	%
<b>Grao</b>	243	31,2	277	32,5	298	33,1	375	36,0
<b>Mestrado</b>	247	31,8	285	33,5	305	34,0	379	36,4
<b>Doutoramento</b>	288	37,0	289	34,0	296	32,9	288	27,6
<b>Total</b>	<b>778</b>		<b>851</b>		<b>899</b>		<b>1.042</b>	

Fonte: Xestat e Memorias de xestión. Informe do/a reitor/a ([https://www.udc.es/gl/cifras/memorias\\_xestion/](https://www.udc.es/gl/cifras/memorias_xestion/))

### 3.1.3. Matrícula de estudantado estranxeiro por programa de doutoramento

A Táboa 3.1.3 reflicte a contribución de cada POD na matrícula global de estudantado estranxeiro de doutoramento.


Táboa 3.1.3. *Estudiantado estranxeiro por POD (en porcentaxes)*

POD	2022/23	2023/24
Análise Económica e Estratexia Empresarial	5,4	3,8
Arquitectura e Urbanismo	2,0	1,7
Bioloxía Celular e Molecular	2,7	3,5
Biotecnoloxía Avanzada	1,7	0,7
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	5,7	4,5
Ciencias da Saúde	1,0	1,4
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	5,4	6,3
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0,7	0,7
Ciencias Sociais e do Comportamento	5,1	4,2
Ciencias Sociais e Envellecemento	0,3	0,3
Computación	2,4	3,1
Dereito	7,4	6,9
Dereito Administrativo Iberoamericano	12,2	12,5
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	0,7	1,0
Enerxía e Propulsión Mariña	1,4	1,4
Enxeñaría Civil	6,1	5,2
Enxeñaría Naval e Industrial	1,7	2,1
Equidade e Innovación en Educación	1,4	1,4
Estatística e Investigación Operativa	0,3	0,3
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	1,4	1,0
Estudos Lingüísticos	2,0	2,4
Estudos Literarios	1,7	2,1
Física Aplicada	1,7	1,4
Investigación Agraria e Forestal	8,1	8,0
Investigación en Tecnoloxías da Información	0,0	0,3
Láser, Fotónica e Visión	0,7	0,3
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0,0	0,3
Matemáticas e Aplicacións	1,0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	0,0	0,3
Nanomedicina	0,0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0,3	0,0
Neurociencias	1,7	0,3
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	1,0	3,5
Protección do Patrimonio Cultural	0,7	1,4
Química Ambiental e Fundamental	0,3	1,0
Relacións Laborais e Recursos Humanos	3,7	0,3
Saúde e Motricidade Humana	1,7	1,4
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	0,0	4,2
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	10,1	9,7
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	0,3	0,7

Fonte: Xestat

O POD en Dereito Administrativo Iberoamericano lideran este ranking, acollendo máis do 10% do estudiantado estranxeiro (Figura 3.1.3).

Figura 3.1.3. Estudiantado estranxeiro por POD (curso académico 2023/24)



Fonte: Escola Internacional de Doutoramento da UDC

### 3.1.4. Matrícula de estudantado estranxeiro por zona xeográfica de procedencia

O estudantado estranxeiro de doutoramento procede de diferentes rexións do mundo, aínda que principalmente de América (66,9% no curso 2022/23) e Europa (20,3% no curso 2022/23).


Tamén destaca, mais cunha incidencia moderada, a contribución de Asia, que amosa un crecemento continuo no período 2013-22, alcanzando no curso 2022/23 o 8,8% (Táboa 3.1.4 e Figura 3.1.4).

Táboa 3.1.4. Estudantado estranxeiro de doutoramento por zona xeográfica (en porcentaxes)

Continente	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
América	70,7	71,6	68,7	73,7	75,3	73,4	70,9	67,7	66,4	66,9	64,1
Resto de Europa	26,9	23,0	26,8	20,9	17,2	20,7	18,9	22,9	20,4	20,3	19,5
Asia	0,0	1,4	1,8	2,0	3,2	3,0	4,6	5,6	8,3	8,8	11,5
Resto de Europa-Asia	2,4	2,7	0,9	2,0	2,1	1,3	1,8	1,4	1,4	0,7	0,3
África	0,0	0,0	0,0	0,0	1,1	0,8	2,8	2,1	3,1	3,0	4,2
África-Asia	0,0	1,3	1,8	1,4	1,1	0,8	1,0	0,3	0,4	0,3	0,3

Fonte: Xestat

Figura 3.1.4. Distribución do estudantado estranxeiro por zona xeográfica (en porcentaxes)



Fonte: Xestat


## 3.1.5. Estudantado estranxeiro segundo o país de procedencia

Táboa 3.1.5. Estudantado estranxeiro de doutoramento por país e curso académico

	13/14	14/15	15/16	16/17	17/18	18/19	19/20	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>Resto de Europa</b>											
Alemaña	0	0	0	0	0	0	0	3	4	5	5
Bielorrusia	1	1	1	1	0	0	0	0	0	0	0
Bulgaria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Eslovaquia	0	0	1	1	1	1	1	0	0	0	0
Finlandia	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Francia	0	1	1	1	1	1	1	0	1	1	0
Grecia	0	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1
Holanda	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Hungría	0	0	1	1	1	0	1	1	0	0	0
Irlanda	0	0	1	1	1	1	1	1	2	1	0
Italia	1	2	6	7	7	13	14	17	13	12	12
Lituania	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0	0
Polonia	0	0	0	0	3	2	2	2	2	1	1
Portugal	7	11	18	16	13	22	26	35	33	36	30
Reino Unido	0	0	0	0	1	1	0	0	0	1	1
República Checa	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Romanía	1	0	1	3	3	4	4	4	2	0	2
Serbia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Suecia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ucraina	0	1	0	0	0	1	2	1	1	0	0
Total	10	17	30	31	32	47	53	65	59	60	56
<b>América</b>											
Arxentina	4	8	7	7	8	12	18	12	18	22	23
Bolivia	0	0	0	0	1	1	2	3	2	2	2
Brasil	5	3	11	10	9	15	19	20	21	25	24
Chile	0	2	3	4	6	10	10	9	9	12	13
Colombia	5	4	5	9	14	13	13	18	19	16	14
Costa Rica	1	2	1	2	1	1	0	0	1	1	1
Cuba	0	0	1	1	1	3	3	7	6	5	5
Ecuador	6	21	31	52	67	79	90	87	76	70	57
El Salvador	0	0	0	0	2	2	2	1	1	1	0
EEUU	0	0	0	0	0	0	1	2	0	1	1
Honduras	0	0	2	2	1	2	1	0	2	1	2
México	4	4	6	8	14	16	18	14	14	20	19
Panamá	0	0	0	1	0	0	0	2	1	2	3
Paraguai	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	1
Perú	0	2	3	6	6	7	10	9	10	10	11
República Dominicana	2	2	2	2	3	5	6	4	6	4	2
Uruguai	0	0	0	0	0	1	1	1	2	2	2
Venezuela	2	5	5	5	7	7	7	4	3	3	4
Total	29	53	77	109	140	174	202	194	192	198	184
<b>Resto de Europa - Asia</b>											
Rusia	1	1	0	1	1	2	1	1	1	1	0
Turquía	0	0	0	1	2	2	4	3	3	1	1
Xeorxia	1	1	1	1	1	1	1	1	0	0	0
Total	2	2	1	3	4	5	6	5	4	2	1
<b>Asia</b>											
Armenia	0	0	0	1	2	1	1	1	3	3	2
Bangladesh	0	0	0	0	0	1	1	1	1	1	0
China	0	1	1	1	0	0	1	1	8	6	8
Iemen	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
India	0	0	0	0	2	2	2	3	2	2	3
Irán	0	0	1	1	1	0	0	2	3	5	7
Iraq	0	0	0	0	0	0	1	2	1	1	2
Líbano	0	0	0	0	0	0	2	1	1	2	2
Paquistán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	3
Uzbekistán	0	0	0	0	0	1	1	1	4	1	1
Xordania	0	0	0	0	1	2	4	4	1	3	4
Total	0	1	2	3	6	7	13	16	24	26	33
<b>África</b>											
Alxeria	0	0	0	0	0	0	0	0	1	2	2
Gabón	0	0	0	0	1	1	1	1	1	0	0
Ghana	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Marrocos	0	0	0	0	0	0	1	2	4	4	5
Nixeria	0	0	0	0	0	0	1	0	1	1	3
Sudán	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	1
Tanzania	0	0	0	0	0	0	1	1	1	0	0
Total	0	0	0	0	1	1	5	5	9	9	12
<b>África-Asia</b>											
Egipto	0	1	2	2	2	2	3	1	1	1	1

Respecto ao **estudantado procedente do resto de Europa** (Táboa 3.1.5; Figura 3.1.5.1), a maior contribución corresponde a Portugal e, en menor medida, a Italia. Tamén cabe resaltar a irrupción de Alemaña no curso 2020/21.


Figura 3.1.5.1. Estudantado estranxeiro que procede de países do resto de Europa (en porcentaxes)



Fonte: Xestat

Respecto ao **estudantado procedente de América** (Táboa 3.1.5; Figura 3.1.5.2), a maior contribución corresponde a Ecuador e, en menor medida, a Argentina, Brasil e México. Tamén cabe resaltar a contribución de Chile, Colombia e Perú.

Figura 3.1.5.2. Estudantado estranxeiro que procede de países de América (en porcentaxes)



Fonte: Xestat

## 3.2. Teses defendidas polo estudiantado estranxeiro

### 3.2.1. Porcentaxe de teses defendidas en cada POD polo estudiantado estranxeiro

Táboa 3.2.1. Porcentaxe de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro (cursos 2012/13 a 2023/24)

Programas de doutoramento	Nº teses estudiantado estranxeiro	Nº total de teses	% teses alumnado estranxeiro
Análise Económica e Estratexia Empresarial	16	36	44,4
Arquitectura e Urbanismo	1	26	3,8
Bioloxía Celular e Molecular	3	44	6,8
Bioteecnoloxía Avanzada	3	16	18,8
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	10	25	40,0
Ciencias da Saúde	3	127	2,4
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	4	27	14,8
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0	14	0,0
Ciencias Sociais e do Comportamento	3	21	14,3
Ciencias Sociais e Envellecemento	0	0	0,0
Computación	5	31	16,1
Dereito	11	30	36,7
Dereito Administrativo Iberoamericano	18	30	60,0
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	3	31	9,7
Enerxía e Propulsión Mariña	1	22	4,5
Enxeñaría Civil	2	39	5,1
Enxeñaría Naval e Industrial	4	36	11,1
Equidade e Innovación en Educación	5	41	12,2
Estatística e Investigación Operativa	2	15	13,3
Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	2	19	10,5
Estudos Lingüísticos	2	12	16,7
Estudos Literarios	0	22	0,0
Física Aplicada	4	10	40,0
Investigación Agraria e Forestal	21	25	84,0
Investigación en Tecnoloxías da Información	0	11	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0	1	0,0
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0	0	0,0
Matemáticas e Aplicacións	0	0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	4	13	30,8
Nanomedicina	0	0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0	2	0,0
Neurociencias	0	7	0,0
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	1	20	5,0
Protección do Patrimonio Cultural	0	0	0,0
Química Ambiental e Fundamental	4	38	10,5
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0	0	0,0
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	1	10	10,0
Saúde e Motricidade Humana	3	18	16,7
Tecnoloxías da Información e as Comunicacions	14	40	35,0
Tecnoloxías da Información e das Comunicacions en Redes Móviles	0	12	0,0
<b>EIDUDC</b>	<b>150</b>	<b>871</b>	<b>17,2</b>

Fonte: Xestat

### 3.2.2. Contribución de cada POD ás teses defendidas polo estudiantado estranxeiro

A Táboa 3.2.2 amosa en que medida contribúe cada POD no conxunto de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro de programas de doutoramento regulados polo Real Decreto 99/2011, sendo n o número de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro desde o curso 2012/13.

Táboa 3.2.2. Teses defendidas polo estudiantado estranxeiro por POD (cursos 2012/13 a 2023/24)


Programas de doutoramento (Real Decreto 99/2011)	n	%
Análise Económica e Estratexia Empresarial	16	10,7
Arquitectura e Urbanismo	1	0,7
Biología Celular e Molecular	3	2,0
Biotecnoloxía Avanzada	3	2,0
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	10	6,7
Ciencias da Saúde	3	2,0
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	4	2,7
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	0	0,0
Ciencias Sociais e do Comportamento	3	2,0
Ciencias Sociais e Envellecemento	0	0,0
Computación	5	3,3
Dereito	11	7,3
Dereito Administrativo Iberoamericano	18	12,0
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	3	2,0
Enerxía e Propulsión Mariña	1	0,7
Enxeñaría Civil	2	1,3
Enxeñaría Naval e Industrial	4	2,7
Equidade e Innovación en Educación	5	3,3
Estatística e Investigación Operativa	2	1,3
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	2	1,3
Estudios Lingüísticos	2	1,3
Estudios Literarios	0	0,0
Física Aplicada	4	2,7
Investigación Agraria e Forestal	21	14,0
Investigación en Tecnoloxías da Información	0	0,0
Láser, Fotónica e Visión	0	0,0
Lóxica e Filosofía da Ciencia	0	0,0
Matemáticas e Aplicacións	0	0,0
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	4	2,7
Nanomedicina	0	0,0
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	0	0,0
Neurociencias	0	0,0
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades	1	0,7
Protección do Patrimonio Cultural	0	0,0
Química Ambiental e Fundamental	4	2,7
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0	0,0
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	1	0,7
Saúde e Motricidade Humana	3	2,0
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións	14	9,3
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Redes Móviles	0	0,0
<b>Suma de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro desde 2012</b>	<b>150</b>	

Fonte: Xestat



Tal como reflicte a Figura 3.2.2, os programas que contribúen en maior medida no conxunto de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro son o POD en *Investigación Agraria e Forestal*, o POD en *Dereito Administrativo Iberoamericano* e o POD en *Análise Económica e Estratexia Empresarial*, seguidos dos POD en *Tecnoloxías da Información e das Comunicacións*, *Dereito* e *Ciencia e Tecnoloxía Ambiental*.

Figura 3.2.2. Teses do estudiantado estranxeiro segundo o POD desde o curso 2012-13 (en porcentaxes)



## 3.2.3. Teses defendidas do estudantado estranxeiro por país


Os países que máis contribúen ao conxunto de teses defendidas polo estudantado estranxeiro son principalmente Ecuador e, en menor medida, Arxentina, Portugal e Brasil (Táboa 3.2.3 e Figura 3.2.3).

Táboa 3.2.3. Contribución por país no conxunto de teses defendidas polo estudantado estranxeiro

País (nacionalidade)	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2013-23
Alemaña	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	2
Alxeria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Armenia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Arxentina	7	1	5	4	4	0	1	3	4	0	2	31
Bangladesh	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Bielorrusia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Bolivia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Brasil	3	1	3	3	5	0	1	0	0	0	5	21
Bulgaria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Chile	0	0	0	0	2	0	0	2	1	1	0	6
China	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Colombia	1	0	1	1	1	2	0	1	0	1	3	11
Costa Rica	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1
Cuba	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
Ecuador	0	1	0	1	3	4	5	6	9	5	12	46
EEUU	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
El Salvador	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Eslovaquia	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1
Egipto	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1
Finlandia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Francia	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Gabón	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ghana	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Grecia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Holanda	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Honduras	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Hungría	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1
Iemen	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
India	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	2
Irán	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1
Iraq	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Irlanda	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Italia	1	0	1	1	2	1	0	0	1	1	2	10
Líbano	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Lituania	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Marrocos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Mauritania	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
México	0	0	2	0	0	1	1	2	0	1	4	11
Mozambique	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Nixeria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Panamá	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Paquistán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Paraguai	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Perú	0	0	0	0	0	0	0	1	1	3	0	5
Polonia	1	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	2
Portugal	1	3	8	1	3	1	3	1	2	1	4	28
Reino Unido	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
República Checa	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
República Dominicana	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1
Romanía	1	2	1	0	0	0	0	0	1	1	0	6
Rusia	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	2
Serbia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Sudán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Suecia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Suíza	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Tanzania	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
Tunisia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Turquía	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1	2
Ucraina	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
Uruguay	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Uzbekistán	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Venezuela	1	0	0	0	1	0	2	0	0	0	0	4
Xeorxia	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Xordania	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>16</b>	<b>9</b>	<b>25</b>	<b>12</b>	<b>23</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>18</b>	<b>23</b>	<b>17</b>	<b>38</b>	<b>209</b>

Fonte: Xestat

Figura 3.2.3. Contribución por país no conxunto de teses defendidas polo estudiantado estranxeiro




Fonte: Xestat

### 3.3. Teses defendidas que obtiveron a mención internacional

A porcentaxe de teses que obtiveron esta mención creceu substancialmente desde 2012 ata o ano 2020 (Figura 3.3.1). Probablemente este incremento sostido estea relacionado co programa de convocatorias anuais de *Axudas para estadias predoutorais Inditex-UDC*, que se iniciou no ano 2013. Non obstante, esta porcentaxe experimentou unha diminución nos anos 2021 a 2023, nos que acada un valor en torno ao 35%, probablemente debida aos efectos da pandemia da Covid-19.


Figura 3.3.1. Porcentaxe de teses que obtiveron a mención internacional



Fonte: EIDUDC

Non obstante, o número de teses defendidas nos anos 2021 a 2023 que obtiveron a mención internacional (Figura 3.3.2) é similar ou superior ao de anos precedentes, como 2016, 2018 e 2019.

Figura 3.3.2. Número de teses que obtiveron a mención internacional



Fonte: EIDUDC

## 4. Axudas Inditex-UDC para estadias predoutorais no estranxeiro

### 4.1. Obxecto das axudas

O programa de **Axudas para estadias predoutorais Inditex-UDC** financia desde 2013 a realización de estadias predoutorais no estranxeiro, reservando o 5% das axudas para estudantes con discapacidade co fin de fomentar contornas de investigación diversas e inclusivas.

As solicitudes son avaliadas de xeito competitivo e o desenvolvemento da convocatoria axústase ao establecido no “*Convenio de colaboración entre a UDC e Inditex para a internacionalización dos estudos de doutoramento*”, asinado o 09/07/2013, e no “*Convenio de colaboración entre a UDC e Inditex para a internacionalización dos estudos de doutoramento*”, asinado o 12/07/2023.

Estas axudas financian estadias predoutorais en universidades e centros de investigación no estranxeiro de tres meses de duración, para complementar a formación doutoral do estudiantado para obter a mención Doutoramento Internacional, que supón un maior recoñecemento do título de doutor/a no ámbito europeo. É un programa estratéxico para a internacionalización dos grupos de investigación da UDC, pois permite iniciar e fortalecer alianzas con outros equipos de investigación.

### 4.2. Comisión de seguimento do convenio

Este programa conta cunha Comisión de Seguimento que vela pola execución das actividades necesarias para lograr os seus obxectivos. A súa composición mixta paritaria está formada por dos membros nomeados pola UDC e dous membros nomeados por Inditex:

- Representantes de Inditex:
  - Antonio Abril Abadín, presidente do Consello Social da UDC (do 09/07/2013 ao 04/10/2023).
  - Jesús Spósito Prado, director técnico do Consello Social da UDC (do 09/07/2013 ao 04/10/2023).
  - Raúl Estradera Vázquez, director de Comunicación e Relacións Institucionais de Inditex (do 05/10/2023 ata a actualidade).
  - Carlos Piñeiro Aneiros, responsable de Inversión na Comunidade de Inditex (do 05/10/2023 ata a actualidade).
- Representantes de UDC:
  - Director da EIDUDC:
    - Ramón Doallo Biempica (do 09/07/2013 ao 31/12/2016).
    - Rodolfo Barreiro Lozano (do 01/01/2017 ata a actualidade).
  - Secretario da EIDUDC: Isaac Manuel Fuentes Boquete (do 09/07/2013 ata a actualidade).

### 4.3. Publicación das convocatorias

A publicación das convocatorias realízase de forma ordinaria a través do Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC ([https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board)) e, máis detalladamente, a través da web da EIDUDC (<http://www.udc.gal/eid/axudaspredoutorais/>), que recolle en acceso aberto o histórico das convocatorias realizadas, incluíndo a seguinte información: convocatoria e anexos, lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos, e relacións provisional e definitiva de axudas concedidas.

## 4.4. Resultados do Programa Inditex-UDC

### 4.4.1. Datas das convocatorias e das resolucións das axudas

Desde a súa posta en marcha, fixéronse 321 estadias predoutorais en 35 países dos cinco continentes, principalmente Europa (72,8%) e, en menor medida, América (21,5%). Por países, os destinos máis frecuentes foron Reino Unido e Portugal (16,5% e o 17,8% das estadias). Ademais, cabe destacar que EEUU, país de acollida do 12,1% das estadias, sitúase como terceiro destino de preferencia.

Táboa 4.4.1. Convocatorias e solicitudes concedidas de axudas predoutorais Inditex-UDC

Ano	Datas das convocatorias	Datas das resolucións	Dotación	Importes concedidos		Solicitudes	Axudas concedidas	
2013	09/10/2013	07/01/2014	118.407,00	66.487	56,1%	15	12	80,0
2014	15/04/2014	29/07/2014	151.920,00	117.082	77,0 %	45	37	82,2
2015	22/06/2015	21/08/2015	137.353,00	95.756	69,7 %	35	31	88,6
2016	03/03/2016	03/06/2016	144.649,00	95.748	66,2 %	34	29	85,3
2017	22/02/2017	16/06/2017	155.065,00	127.625	82,3 %	39	35	89,7
2018	14/12/2017	06/04/2018	122.830,20	112.557	91,6 %	36	33	91,7
2019	04/12/2018	08/04/2019	114.809,70	113.000	98,4 %	46	28	60,9
2020	28/11/2019	09/07/2020	101.809,70	100.500	98,7 %	38	24	63,2
2021	30/11/2020	14/04/2021	100.000,00	82.375	82,4 %	22	21	95,4
2022	10/11/2021	14/03/2022	138.600,00	130.500	94,2 %	33	32	97,0
2023	10/11/2022	06/03/2023	122.300,00	117.750	96,3 %	46	26	56,5
2024	10/11/2023	23/02/2024	136.800,00	133.675	97,7 %	40	28	70,0
<b>Total</b>	-	-	-	-	-	<b>429</b>	<b>336</b>	<b>78,3</b>

Fonte: EIDUDC

A resolución das axudas ocorre no ano natural de realización das estadias. Isto repercute na eficacia do programa, pois limita o tempo para facer a estadia. Para paliar isto, asinouose o 8/07/2017 a *Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña e INDITEX para a Internacionalización dos Estudos de Doutoramento*, que permite publicar a convocatoria xa no ano anterior.

Debido á pandemia da covid-19, a realización das estadias da convocatoria de 2020 e 2021 prorrogouse ata setembro do ano seguinte. Para formalizar esta posibilidade de prórroga, asinouose o 15/09/2021 a *Addenda de modificación e prórroga ao convenio de colaboración (545/2013) entre a UDC e INDITEX para a internacionalización dos estudos de doutoramento*.

O convenio asinado o 12/07/2023 recolle as condicións do convenio inicial e as súas modificacións.

### 4.4.2. Importe das axudas

A dotación anual do programa é ata 2023 de 100.000 € (a primeira edición, en 2013, sumou 18.407 € da convocatoria propia da UDC de axudas predoutorais) e desde 2024 de 130.000 euros anuais.

Desde o ano 2014, o importe das axudas (Táboa 4.4.2) medrou na zona 1 de 2.000 € e 3.000 € (+ 50%); na zona 2, pasou de 3.000 € a 5.500 € (+ 83%); e na zona 3, pasou de 4.000 € a 8.000 € (+ 100%). Este incremento busca potenciar o carácter competitivo da convocatoria e os destinos de maior grao de internacionalización en investigación (Europa e América do Norte).

Táboa 4.4.2. Importe das axudas por zona de destino

	Importes por ano (en euros)					
	2014-2016	2017-2018	2019-2021	2022-2023	2024	2025
<b>Zona 1:</b> Portugal e Andorra	2.000	2.125	2.125	2.250	2.500	3.000
<b>Zona 2:</b> Resto de Europa, América Latina, África	3.000	3.125	4.125	4.500	5.000	5.500
<b>Zona 3:</b> EUA, Canadá, Asia e Oceanía	4.000	4.125	6.000	6.900	7.500	8.000

Fonte: EIDUDC

## 4.4.3. Distribución de estadias realizadas por lugar de destino

Tal como reflicte a Táboa 4.4.3, no período 2013-2021, a maior parte das estadias se realizaron en Europa (73,8%) e, en menor medida, en América (21,5%). Só unha pequena parte se realizou en Asia (2,2%) e Oceanía (1,9%), e en África só se contabilizou unha estadia (0,3%). Así, case as tres cuartas partes das estadias tiveron como destino algún país europeo, mentres que o cuarto restante dirixiuse principalmente a América. A predominancia de Europa a América é constante en tódalas convocatorias.

Táboa 4.4.3. Distribución de estadias realizadas por lugar de destino.

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2013-23	
	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	n	%
<b>Europa</b>														
Alemaña	1	2	0	2	2	1	3	1	0	1	2	3	18	5,6
Austria	1	0	1	2	0	0	2	0	0	0	0	0	6	1,9
Bélxica	1	2	1	0	1	0	0	2	1	1	0	1	10	3,1
Dinamarca	0	1	0	1	1	1	0	0	1	1	1	1	8	2,5
Estonia	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0,3
Francia	0	5	4	1	0	1	4	0	1	3	0	0	19	5,9
Grecia	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0,3
Holanda	1	2	1	0	1	2	1	4	0	3	1	1	17	5,3
Irlanda	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	1	1	4	1,2
Italia	2	0	4	0	4	2	1	3	3	2	1	4	26	8,1
Luxemburgo	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0,3
Noruega	0	0	0	0	0	1	1*	0	0	0	0	1	2	0,6
Polonia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0,3
Portugal	0	7	7	6	5	6	5	2	4	5	4	6	57	17,8
Reino Unido	1	6	6	5	5	8	6	2	4	4	4	2	53	16,5
República Checa	0	0	0	0	0	0	0	2	0	1	0	0	3	0,9
Suecia	0	1	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	3	0,9
Suíza	0	0	1	0	1	2	0	0	1	1	0	0	6	1,9
	7	26	25	18	21	24	24	19	16	22	15	20	237	73,8
<b>América</b>														
Arxentina	0	1	1	0	0	1	0	0	0	1	2	0	6	1,9
Brasil	0	2	0	1	2	0	0	0	1	0	2	0	8	2,5
Canadá	2	0	0	0	2	0	1	1	0	0	0	0	6	1,9
Chile	0	1	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	3	0,9
Colombia	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0,3
Cuba	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0,3
Ecuador	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1	0,3
EEUU	2	5	2	3	7	4	3	0	2	0	5	6	39	12,1
Panamá	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0,3
México	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0	1	3	0,9
	4	9	4	6	12	6	4	1	5	2	9	7	69	21,5
<b>Oceanía</b>														
Australia	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0	0	4	1,2
Nova Zelandia	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0,6
	1	1	1	1	1	0	0	0	0	1	0	0	6	1,9
<b>Europa Asia</b>														
Turquía	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0,3
	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1	0,3
<b>Asia</b>														
China	0	0	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	2	0,6
Líbano	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0,3
Xapón	0	0	0	2	1	0	0	0	0	1	0	0	4	1,2
	0	0	0	2	1	2	0	1	0	1	0	0	7	2,2
<b>África</b>														
Marrocos	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0,3
	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	0,3
<b>TOTAL</b>	<b>12</b>	<b>36</b>	<b>30</b>	<b>27</b>	<b>35</b>	<b>33</b>	<b>28</b>	<b>21</b>	<b>21</b>	<b>26</b>	<b>25</b>	<b>27</b>	<b>321</b>	<b>100</b>

\* Estadia compartida entre Noruega e Rusia

Fonte: EIDUDC

Respecto a Europa, dous países son destino preferente: Reino Unido (16,5%) e Portugal (17,8%). Nun segundo grupo, atópanse Italia (8,1%), Francia (5,9%), Alemaña (5,6%) e Holanda (5,3%), con porcentaxes que non acadan a metade das de Reino Unido ou Portugal. Son os países limítrofes co noso e/ou que teñen unha maior afinidade lingüística os que máis atraen ao noso estudiantado.

Fóra do ámbito europeo, EEUU foi o destino preferido. De feito, ocupa o terceiro lugar, xa que albergou un 12,1% de todas estadias, número só superado por Portugal e Reino Unido.

Pese á proximidade cultural e lingüística, iberoamérica só recibiu una porcentaxe mínima das estadias (o 9,4%, repartido entre Argentina, Brasil, Canadá, Chile, Colombia, Cuba, Ecuador, Panamá e México).

#### 4.4.4. Participación de homes e mulleres

En relación ás estadias realizadas por homes e mulleres (Táboa 4.4.4), globalmente é maior a participación das mulleres (58,0% das estadias). En particular, destaca a rama de Ciencias da Saúde, onde o 96% das estadias foron realizadas por mulleres. Hai un claro predominio de mulleres en Artes e Humanidades (65,0%) e en Ciencias Sociais e Xurídicas (61,1%), mentres que en Ciencias dáse un reparto equilibrado. Só en Enxeñaría e Arquitectura son claramente maioritarios os homes (67%).

Táboa 4.4.4. Participación de homes e mulleres por convocatoria e rama de coñecemento.

	AH		C		CS		CSX		EA		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
2013	0	0	1	0	0	2	0	0	5	4	6	6
2014	0	5	4	8	0	0	5	8	6	0	15	21
2015	0	1	5	7	0	4	4	2	3	4	12	18
2016	2	0	4	7	0	3	3	3	2	3	11	16
2017	1	3	6	3	1	5	1	8	6	1	15	20
2018	3	0	5	3	0	5	2	8	4	3	14	19
2019	1	4	6	1	0	5	1	6	4	0	12	16
2020	1	0	5	3	1	1	1	2	6	3	14	9
<b>2013-2020</b>	<b>8</b>	<b>13</b>	<b>36</b>	<b>32</b>	<b>2</b>	<b>25</b>	<b>17</b>	<b>37</b>	<b>36</b>	<b>18</b>	<b>94</b>	<b>125</b>
<b>2013-2020 %</b>	<b>38,0</b>	<b>62,0</b>	<b>53,0</b>	<b>47,0</b>	<b>7,0</b>	<b>93,0</b>	<b>31,0</b>	<b>69,0</b>	<b>67,0</b>	<b>33,0</b>	<b>43,0</b>	<b>57,0</b>

H: Homes; M: Mulleres. AH: Artes e Humanidades; C: Ciencias; CS: Ciencias da Saúde; CSX: Ciencias Sociais e Xurídicas; EA: Enxeñaría e Arquitectura

#### 4.4.5. Distribución de estadias por rama de coñecemento

A Táboa 4.4.5 recolle a distribución de estadias por rama. As maiores porcentaxes corresponden a Ciencias (30,0%), Ciencias Sociais e Xurídicas (25,0%) e Enxeñaría e Arquitectura (22,0%).

Táboa 4.4.5. Distribución de estadias por rama de coñecemento

	AH	C	CS	CSX	EA	TOTAL
2013	0	1	2	0	9	12
2014	5	12	0	13	6	36
2015	1	12	4	6	7	30
2016	2	11	3	6	5	27
2017	4	9	6	9	7	35
2018	3	8	5	10	7	33
2019	5	7	5	7	4	28
2020	1	8	2	3	9	23
<b>2013-2020</b>	<b>21</b>	<b>68</b>	<b>27</b>	<b>54</b>	<b>54</b>	<b>224</b>
<b>2013-2020 %</b>	<b>10,0</b>	<b>30,0</b>	<b>12,0</b>	<b>24,0</b>	<b>24,0</b>	<b>-</b>

H: Homes; M: Mulleres. AH: Artes e Humanidades; C: Ciencias; CS: Ciencias da Saúde; CSX: Ciencias Sociais e Xurídicas; EA: Enxeñaría e Arquitectura



## 5. Calidade

### 5.1. Renovación da acreditación dos programas de doutoramento

Todos os POD que iniciaron este proceso rematarono satisfactoriamente. Así, un total de 34 PODs (16 coordinados pola UDC e 18 por outras universidades) obtiveron a renovación (Táboa 5.1.1).

Táboa 5.1.1. *Programas Oficiais de Doutoramento da UDC que obtiveron a renovación da acreditación*

POD	Verificación	Resolución Ministerio renovación acreditación	Próxima renovación da acreditación
<b>PODs coordinados pola UDC</b>			
Arquitectura e Urbanismo	25/09/2013	07/09/2022	2028/09/07
Biología Celular e Molecular	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Ciencia e Tecnoloxía Ambiental	25/09/2013	21/11/2022	2028/11/21
Ciencias da Saúde	11/12/2013	22/06/2021	2027/06/22
Ciencias do Deporte, Educación Física e Actividade Física Saudable	30/04/2015	21/11/2022	2028/11/21
Ciencias Sociais e do Comportamento	28/04/2016	21/11/2022	2028/11/21
Computación	25/09/2013	01/07/2020	2026/07/01
Dereito	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Dereito Administrativo Iberoamericano	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Enerxía e Propulsión Mariña	25/09/2013	27/06/2022	2028/06/27
Enxeñaría Civil	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Enxeñaría Naval e Industrial	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Química Ambiental e Fundamental	25/09/2013	18/05/2020	2026/05/18
Saúde e Motricidade Humana	06/06/2018	12/12/2024	2030/12/12
Saúde, Discapacidade, Dependencia e Benestar	08/07/2015	18/01/2023	2029/01/18
Tecnoloxías da Información e das Comunicacións	25/09/2013	07/09/2022	2028/09/07
<b>PODs coordinados por outras universidades</b>			
Análise Económica e Estratexia Empresarial	23/07/2014	18/01/2023	2029/01/18
Bioteconoloxía Avanzada	25/09/2013	26/01/2022	2028/01/26
Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión	18/04/2018	12/12/2024	2030/12/12
Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde	07/10/2014	13/03/2023	2029/03/13
Equidade e Innovación en Educación	25/09/2013	22/06/2021	2027/06/22
Estatística e Investigación Operativa	25/09/2013	01/03/2022	2028/03/01
Estudios Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura	25/09/2013	24/05/2021	2027/05/24
Estudios Lingüísticos	25/09/2013	03/06/2022	2028/06/03
Estudios Literarios	25/09/2013	24/05/2021	2027/05/24
Física Aplicada	11/12/2013	18/01/2023	2029/01/18
Investigación Agraria e Forestal	25/09/2013	18/01/2023	2029/01/18
Investigación en Tecnoloxías da Información	25/09/2013	18/01/2023	2029/01/18
Láser, Fotónica e Visión	05/12/2013	26/01/2022	2028/01/26
Lóxica e Filosofía da Ciencia	25/09/2013	07/09/2022	2028/09/07
Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas	25/09/2013	06/09/2023	2029/09/06
Neurociencia e Psicoloxía Clínica	25/09/2013	22/06/2021	2027/06/22
Neurociencias	25/09/2013	22/07/2021	2027/07/22
Tecnoloxías da Información e Comunicacións en Redes Móviles	23/07/2014	21/11/2022	2028/11/21

Fonte: EIDUDC

No período 2024-2025, dous programas de doutoramento teñen que rematar o proceso de renovación da acreditación (Táboa 5.1.2).

Táboa 5.1.2. Programas de doutoramento que teñen que renovar a acreditación no período 2024-2025

Programa Doutoramento	Verificación	Data prevista da renovación da acreditación
Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades*	06/06/2018	06/06/2024
Protección do Patrimonio Cultural	05/06/2019	05/06/2025

Fonte: Unidade Técnica de Calidade (UTC)

## 5.2. Sistema de Garantía da Calidade da EIDUDC

O deseño do Sistema de Garantía da Calidade da EIDUDC foi aprobado polo Comité de Dirección da EIDUDC o 25/04/2018 e polo Consello de Goberno do 26/04/2018, obtendo o informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) o 15/12/2020. Este documento pódese consultar na páxina web da EIDUDC en <https://www.udc.es/gl/eid/calidade/>

## 5.3. Enquisas de satisfacción aos grupos de interese

Desde o curso 2017-2018, a UTC realiza cada curso académico e de modo sistemático enquisas de satisfacción ao persoal docente e investigador e ao estudiantado de doutoramento. Respecto ao persoal laboral, unicamente se realizou a enquisa correspondente ao curso académico 2017/18.

Respecto aos modelos de enquisas (preguntas organizadas en apartados), nos cursos académicos 2017/18, 2018/19 e 2019/2020 empregáronse enquisas elaboradas pola EIDUDC en colaboración coa UTC.

A partir do curso académico 2020-21, as enquisas a PDI, estudiantado e PAS responden a un modelo común acordado polas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia. Neste novo formato unificado, utilízanse dous tipos de enquisas: unha para o estudiantado de novo ingreso (estudiantado de 1ª matrícula) e outra para o estudiantado de continuación (estudiantado de 2ª matrícula en diante).

As páxinas seguintes recollen os resultados xerais destas enquisas, correspondentes a dous períodos:

- Enquisas dos cursos académicos 2017/18 a 2019/2020.
- Enquisas do curso académico 2020/21 en diante.

## 5.4. Resultados das enquisas dos cursos académicos 2017/18 a 2019/20

### 5.4.1. Enquisas ao PDI 2017-2020. Resultados globais

**Enquisas ao PDI 2017-2020: resultados por pregunta** (escala do 1 ao 5)

Táboa 5.4.1.1. Enquisas ao PDI 2017-2020. Resultados por pregunta.

	2017/18	2018/19	2019/20
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>			
P01 A información pública na web da EIDUDC (organización e contacto, oferta de títulos, normativa, admisión, matrícula e xestión académica, trámites académicos e administrativos da tese, oferta formativa, axudas para a realización de estudos e estadías, seguimento...) é de fácil acceso e está actualizada.	3,9	4,0	4,2
P02 A información pública na web sobre o programa (competencias, criterios de admisión, liñas de investigación, profesorado, actividades formativas do programa, mobilidade) é de fácil acceso e está actualizada.	4,0	4,0	4,2
P03 As accións de orientación ao estudiantado (xornada de benvida da EIDUDC, seminarios da EIDUDC sobre saídas profesionais, orientación sobre axudas etc.) son útiles e de calidade.	3,8	3,8	4,1
<b>COMISIÓN ACADÉMICA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO</b>			
P04 O proceso de admisión ao programa de doutoramento foi transparente, accesible e coherente coa información pública.	4,3	4,5	4,5
P05 Os criterios da CAPD para asignar as direccións de teses son equitativos e coherentes coa capacitación do profesorado.	4,3	4,5	4,5
P06 Estou satisfeito/a co funcionamento da CAPD e do/da coordinador/a do programa.	4,4	4,4	4,4
<b>PERSOAL ACADÉMICO</b>			
P07 Os requisitos esixidos pola UDC para acreditar a experiencia investigadora e poder dirixir teses de doutoramento son razoables e suficientes.	4,1	4,1	4,3
P08 O persoal académico asignado ao programa de doutoramento é adecuado.	4,4	4,5	4,5
<b>RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>			
P09 O equipamento do que dispoño (medios informáticos, acceso a internet, material de laboratorio, fondos bibliográficos) e o contorno de traballo son adecuados para dirixir teses de doutoramento.	4,1	4,0	4,2
P10 Os procedementos informáticos para a xestión académica (plan de investigación, documento de actividades, avaliación anual etc.) e administrativa (admisión, matrícula etc.) son útiles e accesibles.	3,5	3,7	3,9
P11 Estou satisfeito/a coa xestión administrativa realizada pola EIDUDC.	3,7	3,9	4,0
<b>OFERTA FORMATIVA</b>			
P12 A oferta formativa da EIDUDC (cursos, seminarios etc.) é útil, de interese e de calidade.	3,5	3,7	3,9
P13 A oferta formativa propia do programa (cursos, seminarios etc.) é útil, de interese e de calidade.	3,8	3,9	4,1
<b>MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN</b>			
P14 O programa de axudas para estadías predoutorais da EIDUDC é accesible, útil, de interese e de calidade.	3,7	3,8	4,0
P15 A información dispoñible sobre os programas de mobilidade/internacionalización é útil.	3,7	3,8	4,0
<b>APRENDIZAXE E AVALIACIÓN</b>			
P16 A programación das actividades de aprendizaxe para o estudiantado é adecuada e coherente co nivel formativo propio dos estudos de doutoramento.	3,9	3,9	4,2
P17 Os mecanismos de avaliación (aprobación do plan de investigación, avaliación anual do plan de investigación e do documento de actividades, avaliación da tese de doutoramento) son adecuados.	3,8	4,1	4,1
<b>INCIDENCIAS, RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS</b>			
P18 Os mecanismos para que o PDI poida manifestar a súa opinión e comunicar incidencias, reclamacións e suxestións son suficientes.	3,8	3,9	4,1
P19 As medidas tomadas para solucionar as incidencias, reclamacións e suxestións transmitidas son eficaces.	3,8	4,0	4,1
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>			
P20 En xeral, estou satisfeito/a coa organización e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento na UDC.	3,8	4,0	4,1


**Enquisas ao PDI 2017-2020: resultados por apartado** (escala do 1 ao 5)

Táboa 5.4.1.2. Enquisas ao PDI 2017-2020. Resultados por apartado

	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20
Información e orientación	3,9	4,0	4,0
Comisión Académica do programa	4,3	4,5	4,5
Persoal académico	4,3	4,3	4,3
Recursos materiais e servizos	3,8	3,9	3,9
Oferta formativa	3,6	3,8	3,9
Mobilidade e internacionalización	3,7	3,8	3,8
Aprendizaxe e avaliación	3,8	4,0	4,0
Incidencias, reclamacións e suxestións	3,8	4,0	4,0
Satisfacción xeral	3,8	4,0	4,0

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.4.1. Enquisas ao PDI 2017-2020: resultados por apartado



Fonte: EIDUDC/UTC

## 5.4.2. Enquisas ao estudantado 2017-2020. Resultados globais

## Enquisas ao estudantado 2017-2020: resultados por pregunta (escala do 1 ao 5)

Táboa 5.4.2.1. Enquisas ao estudantado 2017-2020. Resultados por pregunta.

	2017/18	2018/19	2019/20
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>			
P01 A información pública na web da EIDUDC (organización e contacto, oferta de títulos, normativa, admisión, matrícula e xestión académica, trámites académicos e administrativos da tese, oferta formativa, axudas para a realización de estudos e estadías, seguimento...) é de fácil acceso e está actualizada.	3,8	3,5	3,8
P02 A información pública na web sobre o programa (competencias, criterios de admisión, liñas de investigación, profesorado, actividades formativas do programa, mobilidade) é de fácil acceso e está actualizada.	3,8	3,6	3,8
P03 As accións de orientación (xornada de benvinda da EIDUDC, seminarios da EIDUDC sobre saídas profesionais, orientación sobre axudas, etc.) son útiles e de calidade.	3,6	3,4	3,5
<b>ADMISIÓN E MATRÍCULA</b>			
P04 O proceso de admisión ao programa de doutoramento foi transparente, accesible e coherente coa información pública.	4,3	4,1	4,2
P05 O proceso de matrícula e de renovación da matrícula está ben organizado e xestionado.	4,3	3,9	4,2
<b>PERSOAL ACADÉMICO</b>			
P06 Estou satisfeito/a coa labor do/a meu/miña titor/a de tese.	4,8	4,5	4,6
P07 Estou satisfeito/a coa labor do/a meu/miña director/a de tese.	4,8	4,6	4,6
P08 Estou satisfeito/a coa labor do/a coordinador/a do programa.	4,4	4,2	4,3
<b>RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>			
P09 O equipamento do que dispoño (medios informáticos, acceso a internet, material de laboratorio, fondos bibliográficos) e o entorno de traballo son axeitados para realizar a miña tese de doutoramento.	4,1	3,9	4,1
P10 Os procedementos informáticos para a xestión académica (plan de investigación, documento de actividades, avaliación anual, etc.) e administrativa (admisión, matrícula, etc.) son útiles e accesibles.	3,9	3,6	3,9
P11 Estou satisfeito coa xestión administrativa realizada pola EIDUDC.	3,9	3,7	4,0
<b>OFERTA FORMATIVA</b>			
P12 A oferta formativa da EIDUDC (cursos, seminarios, etc.) é útil, de interese e de calidade.	3,5	3,5	3,6
P13 A oferta formativa propia do programa (cursos, seminarios, etc.) é útil, de interese e de calidade.	3,5	3,4	3,5
<b>MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN</b>			
P14 O programa de axudas para estadías predoutorais da EIDUDC é accesible, útil, de interese e de calidade.	3,6	3,6	3,6
P15 A información dispoñible sobre os programas de mobilidade/internacionalización é útil.	3,6	3,6	3,6
<b>APRENDIZAXE E AVALIACIÓN</b>			
P16 As actividades de aprendizaxe realizadas durante o desenvolvemento da tese son axeitadas e coherentes co nivel formativo propio dos estudos de doutoramento.	3,9	3,6	3,9
P17 Os mecanismos de avaliación (aprobación do plan de investigación, avaliación anual do plan de investigación e do documento de actividades, avaliación da tese de doutoramento) son axeitados.	3,9	3,8	3,9
<b>INCIDENCIAS, RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS</b>			
P18 Os mecanismos para que os/as doutorandos/as poidan manifestar a súa opinión e comunicar incidencias, reclamacións e suxestións son suficientes.	3,5	3,2	3,4
P19 As medidas tomadas para solucionar as incidencias, reclamacións e suxestións transmitidas son eficaces.	3,6	3,3	3,5
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>			
P20 En xeral, estou satisfeito/a coas aprendizaxes adquiridas e recomendaría a outros/as estudantes realizar os estudos de doutoramento na UDC.	4,0	3,8	4,0

Fonte: EIDUDC/UTC


**Enquisas ao estudantado 2017-2020: resultados por apartado** (escala do 1 ao 5)

Táboa 5.4.2.2. Enquisas ao estudantado 2017-2020. Resultados por apartado.

	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20
Información e orientación	3,7	3,5	3,7
Admisión e matrícula	4,3	4,1	4,3
Persoal académico e investigador	4,6	4,4	4,4
Recursos materiais e servizos	4,0	3,8	4,1
Oferta formativa	3,5	3,4	3,7
Mobilidade e internacionalización	3,6	3,5	3,7
Aprendizaxe e avaliación	3,9	3,7	4,0
Incidencias, reclamacións e suxestións	3,6	3,1	3,5
Satisfacción xeral	4,0	3,8	4,0

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.4.2. Enquisas ao estudantado 2017-2020



Fonte: EIDUDC/UTC

### 5.4.3. Enquisas ao persoal de apoio 2017-2020. Resultados globais

**Enquisas ao persoal de apoio 2017-2020: resultados por pregunta** (escala do 1 ao 5)

*Táboa 5.4.3.1. Enquisas ao persoal de apoio 2017-2020. Resultados por pregunta.*


		2017/18
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN</b>		
P01	A información pública na web da EIDUDC (organización e contacto, oferta de títulos, normativa, admisión, matrícula e xestión académica, trámites académicos e administrativos da tese, oferta formativa, axudas para a realización de estudos e estadias, seguimento...) é de fácil acceso e está actualizada.	3,8
P02	A información pública na web sobre o programa (competencias, criterios de admisión, liñas de investigación, profesorado, actividades formativas do programa, mobilidade) é de fácil acceso e está actualizada.	4,0
<b>ADMISIÓN E MATRÍCULA</b>		
P03	O proceso de admisión, matrícula e/ou renovación da matrícula está ben organizado e xestionado.	3,6
<b>PERSOAL ACADÉMICO E ESTUDANTADO</b>		
P04	Estou satisfeito/a co contacto co PDI.	3,8
P05	Estou satisfeito/a co contacto coa coordinación do programa de doutoramento.	4,4
P06	Estou satisfeito/a co contacto co estudantado.	4,4
<b>RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>		
P07	O equipamento do que dispoño (medios informáticos, acceso a internet, etc.) e o entorno de traballo son adecuados para realizar o meu traballo.	3,8
P08	As ferramentas informáticas para a xestión administrativa (admisión, matrícula, etc.) son útiles e accesibles.	2,8
P09	Estou satisfeito coa xestión administrativa realizada pola EIDUDC.	3,4
<b>OFERTA FORMATIVA</b>		
P10	A UDC desenvolve accións para que o persoal de apoio teña a formación adecuada para a xestión administrativa dos estudos de doutoramento.	1,4
<b>MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN</b>		
P11	A xestión dos programas de mobilidade de doutorandos/as é adecuada.	3,0
<b>APRENDIZAXE E AVALIACIÓN</b>		
P12	A organización e xestión dos procesos de avaliación de doutorandos/as (aprobación do plano de investigación, avaliación anual do plano de investigación e do documento de actividades, avaliación da tese de doutoramento) é adecuada.	3,0
<b>INCIDENCIAS, RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS</b>		
P13	Os mecanismos de tramitación e resolución de incidencias, reclamacións e suxestións son adecuados.	3,0
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>		
P14	En xeral, estou satisfeito coa organización e a xestión dos estudos de doutoramento na UDC.	3,0

Fonte: EIDUDC/UTC

**Enquisas ao persoal de apoio 2017-2020: resultados por apartado** (escala do 1 ao 5)*Táboa 5.4.3.2. Enquisas ao persoal de apoio 2017-2018*

	<b>Curso 2017-2018</b>
Información e orientación	3,91
Admisión e matrícula	3,64
Persoal académico e estudantado	4,18
Recursos materiais e servizos	3,33
Oferta formativa	1,40
Mobilidade e internacionalización	3,00
Aprendizaxe e avaliación	2,83
Incidencias, reclamacións e suxestións	2,88
Satisfacción xera	2,91

Fonte: EIDUDC/UTC

*Figura 5.4.3. Enquisa ao persoal de apoio 2017-2018*

Fonte: EIDUDC/UTC



## 5.5. Resultados das enquisas desde o curso académico 2020/21

### 5.5.1. Enquisas ao PDI desde o curso 2020/21

#### Enquisas ao PDI desde 2020/21: resultados por apartado (escala do 1 ao 5)

Tal como recollen a Táboa 5.5.1 e a Figura 5.5.1, a participación do PDI no curso 2020/21, do 57,6%, baixa uns vinte puntos porcentuais no curso académico 2021/22 (37,3%), para experimentar unha moderada recuperación no curso 2022/23, cun 39,6%. Non obstante, no curso 2023/24 obtense a participación máis baixa do período 2020/24.

Por outra banda, no período 2020-2024, obsérvanse resultados similares para cada apartado, cunha valoración media de 4,0.

Táboa 5.5.1.1. Resultados por apartado das enquisas ao PDI desde 2020/21

	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Organización e desenvolvemento	3,9	3,9	3,9	3,9
Información e transparencia	3,9	4,0	4,0	3,9
Recursos humanos	3,7	3,8	3,8	3,7
Recursos materiais e servizos	4,1	4,1	4,0	4,0
Resultados do programa formativo	4,2	4,3	4,3	4,3
Satisfacción xeral	4,1	4,2	4,1	4,1
<b>Participación</b>	<b>57,6%</b>	<b>37,3%</b>	<b>39,6%</b>	<b>31,7%</b>

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.5.1. Resultados por apartado das enquisas ao PDI desde 2020/21



Fonte: EIDUDC/UTC

**Enquisas ao PDI desde 2020/21: resultados por pregunta** (escala do 1 ao 5)

No período 2020-2023, obsérvanse resultados moi similares para cada pregunta (Táboa 5.10), obténdose a menor valoración para as preguntas sobre o apoio económico a estudantes (P06; entre 3,0 e 3,1) e o mecanismo de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses (P10; 3,4).

Táboa 5.5.1.2. Resultados por pregunta das enquisas ao PDI desde 2020/21

	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>				
P01 Información, planificación e coordinación da CAPD	4,3	4,3	4,3	4,3
P02 Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas...)	3,9	4,0	3,9	4,0
P03 Actividades desenvolvidas e axudas dispoñibles á mobilidade ou estadias de investigación	3,7	3,7	3,7	3,8
P04 Supervisión e avaliación do progreso da investigación dos/as doutorandos/as realizadas pola CAPD	4,2	4,3	4,3	4,2
P05 Motivación e os coñecementos do estudantado matriculado no Programa Oficial de Doutoramento (POD)	4,1	4,2	4,1	4,1
P06 Apoio económico (contratos, bolsas) aos/ás doutorandos/as	3,0	3,0	3,1	2,9
<b>INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</b>				
P07 Información da páxina web da Escola Internacional de Doutoramento	3,9	4,0	3,9	3,9
P08 Información da páxina web do POD	3,9	4,0	4,0	3,9
<b>RECURSOS HUMANOS</b>				
P09 Requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora	4,1	4,2	4,1	4,1
P10 Mecanismo de recoñecemento (dedicacións docentes) do labor de titorización e dirección de teses	3,4	3,4	3,4	3,3
<b>RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>				
P11 Adecuación e dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións	4,2	4,3	4,1	4,1
P12 Apoio nos trámites administrativos prestado polo persoal administrativo	4,1	4,1	4,0	4,0
P13 Xestión na resolución das incidencias e reclamacións	4,1	4,1	4,0	3,9
<b>RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO</b>				
P14 Formación investigadora adquirida polo estudantado	4,2	4,3	4,3	4,3
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>				
P15 Satisfacción global co POD	4,1	4,2	4,1	4,1

Fonte: EIDUDC/UTC

### 5.5.2. Enquisas ao estudiantado desde o curso 2020/21

**Enquisas ao estudiantado de novo ingreso desde 2020/21: resultados por apartado** (escala: 1 a 5)

A participación do estudiantado resultou similar nos cursos 2020/21 (28,7%) e 2021/22 (27,9%). Esta participación discreta experimentou un significativo descenso no curso 2022/23, cun 21,8%, que se recuperou moderadamente no curso 2023/24, cun 23,8% (Táboa 5.5.2.1 e Figura 5.5.2.1).


A valoración máis baixa corresponde ao apartado Información e orientación (entre o 3,5% e o 3,8%), mentres que a máis alta corresponde a Recursos humanos (entre o 4,5% e o 4,6%) e Oferta formativa (entre o 4,4% e o 4,6%).

Táboa 5.5.2.1. Resultados por apartado das enquisas ao estudiantado de novo ingreso desde 2020/21

	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Información e orientación	3,5	3,8	3,5	3,7
Procesos administrativos	4,0	4,1	3,8	4,0
Recursos humanos	4,5	4,6	4,5	4,5
Recursos materiais	4,1	4,3	4,1	4,2
Oferta formativa	4,4	4,5	4,6	4,2
Satisfacción xeral	4,3	4,4	4,2	4,1
<b>Participación</b>	<b>28,7%</b>	<b>27,9%</b>	<b>21,8%</b>	<b>23,8%</b>

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.5.2.1. Resultados por apartado das enquisas ao estudiantado de novo ingreso desde 2020/21



Fonte: EIDUDC/UTC

**Enquisas ao estudiantado de novo ingreso desde 2020/21: resultados por pregunta** (escala: 1 a 5)

No período 2020-2023, obsérvanse resultados similares para cada pregunta (Táboa 5.5.2.2), obténdose a menor valoración para a pregunta sobre o sistema de bolsas/contratos para o estudiantado (P02; entre 3,2 e 3,4) e as maiores valoracións para o labor de titorización (P07; entre 4,6 e 4,8) e o labor de dirección de tese (P08; entre o 4,7 e o 4,8).

*Táboa 5.5.2.2. Resultados por pregunta das enquisas ao estudiantado de novo ingreso desde 2020/21*

	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN XERAL DO POD</b>				
P01 A información pública dispoñible nas páxinas web, sobre o POD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	3,9	4,1	3,8	3,9
P02 O sistema de bolsas/contratos para o estudiantado (etapa de formación, mobilidade)	3,2	3,4	3,2	3,4
<b>PROCESOS ADMINISTRATIVOS</b>				
P03 O proceso de admisión e matrícula	4,1	4,2	3,8	4,0
P04 Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas	3,9	3,9	3,7	3,8
P05 Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación	3,9	4,1	3,8	4,0
<b>RECURSOS HUMANOS</b>				
P06 O labor do/a coordinador/a do POD	4,3	4,5	4,3	4,3
P07 O labor do/a titor/a	4,6	4,8	4,6	4,7
P08 O labor do/a director/a de tese	4,7	4,8	4,8	4,7
P09 O fomento da crítica científica e mais a actividade investigadora, por parte do/a director/a da tese	4,5	4,7	4,7	4,7
P10 O labor do persoal administrativo da Escola Internacional de Doutoramento e o do centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación)	4,2	4,4	4,1	4,2
<b>RECURSOS MATERIAIS</b>				
P11 Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da tese	4,2	4,3	4,1	4,2
P12 Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios etc.)	4,1	4,3	4,2	4,2
<b>OFERTA FORMATIVA</b>				
P13 Elixín este POD pola súa relación cos meus obxectivos profesionais	4,4	4,5	4,6	4,2
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>				
P14 En xeral, estou satisfeito/a co POD	4,3	4,4	4,2	4,1

Fonte: EIDUDC/UTC

### Enquisas ao estudiantado de **continuación** desde 2020/21: resultados por apartado (escala: 1 a 5)

Tal como recollen a Táboa 5.5.2.3 e a Figura 5.5.2.2, a participación do estudiantado de continuación é baixa e, por riba, experimenta un significativo descenso no período 2020-2023, pasando dun 21,4% a un 9,0%. Non obstante, no curso 2023/24 obsérvase unha significativa recuperación, cunha participación do 16,4%.


Por outra banda, obsérvanse resultados similares para cada apartado, obténdose unha menor valoración nos items Información e orientación (3,6) e Procesos administrativos (entre 3,6 e 3,9). O apartado que recibe unha maior puntuación é o de Recursos humanos (entre 4,3 e 4,4).

Táboa 5.5.2.3. Resultados por apartado das enquisas ao estudiantado de continuación desde 2020/21

	2020/21	2021/22	2022/23	2023/24
Información e orientación	3,6	3,6	3,6	3,8
Procesos administrativos	3,9	3,9	3,6	3,9
Recursos humanos	4,4	4,4	4,3	4,6
Recursos materiais	4,2	4,2	4,1	4,3
Oferta formativa	4,2	4,2	4,1	4,2
Satisfacción xeral	4,1	4,1	4,0	4,2
<i>Participación</i>	<i>21,4%</i>	<i>19,8%</i>	<i>9,0%</i>	<i>16,4%</i>

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.5.2.2. Resultados por apartado das enquisas ao estudiantado de continuación desde 2020/21



Fonte: EIDUDC/UTC

**Enquisas ao estudiantado de continuación desde 2020/21: resultados por pregunta** (escala: 1 a 5)

No período 2020-2023, obsérvanse resultados similares para cada pregunta (Táboa 5.5.2.4), obténdose a menor valoración para a pregunta sobre a información sobre saídas profesionais tras o doutoramento (P06; entre 3,1 e 3,2). Entres as preguntas mellor valoradas están as correspondentes ao labor de titorización (P12; entre 4,4 e 4,6) e o labor de dirección de tese (P13; entre o 4,5 e o 4,6).

*Táboa 5.5.2.4. Resultados por pregunta das enquisas ao estudiantado de continuación desde 2020/21*

	20/21	21/22	22/23	23/24
<b>INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN XERAL DO POD</b>				
P01 A información pública dispoñible nas páxinas web, sobre o POD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)	4,0	4,0	4,1	4,1
P02 A información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos)	3,8	3,8	3,7	4,0
P03 A información proporcionada sobre a mención internacional/mención industrial	3,8	3,8	3,8	4,0
P04 A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación	3,7	3,6	3,6	3,7
P05 A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais	3,4	3,5	3,3	3,6
P06 A información sobre saídas profesionais tras o doutoramento	3,1	3,2	3,1	3,2
<b>PROCESOS ADMINISTRATIVOS</b>				
P07 O proceso de renovación de matrícula	4,3	4,4	4,1	4,3
P08 Os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese	3,6	3,6	3,3	3,6
P09 Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas	3,8	3,8	3,7	3,9
P10 As ferramentas informáticas para a xestión dos POD	3,8	3,8	3,5	3,9
<b>RECURSOS HUMANOS</b>				
P11 O labor do/a coordinador/a do POD	4,3	4,3	4,2	4,4
P12 O labor do/a titor/a	4,6	4,6	4,4	4,7
P13 O labor do/a director/a de tese	4,6	4,6	4,5	4,7
P14 O fomento da crítica científica e mais a actividade investigadora, por parte do/a director/a da tese	4,5	4,6	4,3	4,6
P15 O labor do persoal administrativo da Escola Internacional de Doutoramento e o do centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación)	4,1	4,1	4,0	4,4
<b>RECURSOS MATERIAIS</b>				
P16 Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da tese	4,2	4,2	4,1	4,3
P17 Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)	4,3	4,3	4,1	4,2
<b>OFERTA FORMATIVA</b>				
P18 O tema da miña tese responde as miñas expectativas	4,5	4,5	4,5	4,6
P19 O POD proporcióname coñecementos novos, precisos e actualizados	4,3	4,1	4,1	4,2
P20 A oferta formativa do POD (cursos, seminarios etc. obrigatorios e/ou complementarios) é de interese e de calidade	3,7	3,7	3,7	3,8
P21 Elixín este POD pola súa relación cos meus obxectivos profesionais	4,2	4,3	4,2	4,3
P22 O POD ábreme novas perspectivas cara á miña inserción laboral	3,9	4,1	3,9	4,0
P23 O meu esforzo e dedicación para a miña investigación	4,3	4,3	4,4	4,5
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>				
P24 En xeral, estou satisfeito/a co POD	4,1	4,1	4,0	4,2

Fonte: EIDUDC/UTC

### 5.5.3. Enquisas ao persoal de apoio desde o curso 2020/21

#### Enquisas ao persoal de apoio curso 2022/23: resultados por apartado (escala: 1 a 5)

En xeral, o persoal outorga puntuacións relativamente baixas para os distintos apartados (Táboa 5.15 e Figura 5.10), recibindo a menor valoración os apartados recursos humanos e recursos materiais e servizos (2,7 cada un).


Por outra banda, a participación resultou moderada (43%).

Táboa 5.5.3.1. Resultados por apartado das enquisas ao persoal de apoio (curso 2022/23)

Curso 2022/23	
Organización e desenvolvemento	3,6
Información e transparencia	3,5
Xestión da calidade	3,3
Recursos humanos	2,7
Recursos materiais e servizos	2,7
Satisfacción xeral	3,0
<i>Participación</i>	<i>43,0%</i>

Fonte: EIDUDC/UTC

Figura 5.5.3. Resultados por apartado das enquisas ao persoal de apoio (curso 2022/23)



Fonte: EIDUDC/UTC

**Enquisas ao persoal de apoio curso 2022/23: resultados por pregunta** (escala: 1 a 5)

O persoal de apoio outorga puntuacións discretas a cada unha das preguntas, de modo que en ningún caso acada o 4,0 (Táboa 5.16). As pregunta que reciben a menor puntuación son as dos apartados RECURSOS HUMANOS (P09, P10 e P11, cun 2,7 cada unha) e RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS (P12 e P13, tamén cun 2,7 cada unha).

*Táboa 5.5.3.2. Resultados por pregunta das enquisas ao persoal de apoio (curso 2022/23)*

		2022/23
<b>ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</b>		
P01	A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos POD (CAPD)	3,3
P02	A xestión desenvolvida polo/a coordinador/a do POD	3,7
P03	O contacto co estudiantado dos POD	3,7
P04	A coordinación cos servizos centrais con competencias de xestión nos POD	3,7
<b>INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA</b>		
P05	A información proporcionada polas páxinas web dos POD	3,7
P06	A información proporcionada pola páxina web da EIDUDC	3,3
<b>XESTIÓN DA CALIDADE</b>		
P07	A xestión das queixas, suxestións e parabéns	3,3
P08	A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora	3,3
<b>RECURSOS HUMANOS</b>		
P09	A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos POD	2,7
P10	A dotación do persoal dos POD	2,7
P11	A formación para desempeñar o meu traballo no POD	2,7
<b>RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS</b>		
P12	O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo	2,7
P13	As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento do POD: aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...	2,7
<b>SATISFACCIÓN XERAL</b>		
P14	En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos POD	3,0

Fonte: EIDUDC/UTC




## 6. Igualdade

### 6.1. Porcentaxe de homes e mulleres nas direccións de teses defendidas

A participación de mulleres na dirección de teses foi medrando paulatinamente desde 2008 ata a actualidade (Figura 6.1). Así, nas teses defendidas no 2008, só un cuarto das persoas directoras eran mulleres (24%), mentres que no 2022 esta porcentaxe supera o 30%.

Figura 6.1. Porcentaxe de homes e mulleres na dirección de teses defendidas (desde 2008)



### 6.2. Porcentaxe de homes e mulleres que defenderon a tese

Desde o ano 2008 ata a actualidade, a porcentaxe de teses defendidas por homes e mulleres é próxima ao 50%, flutuando en ambos sentidos nun intervalo do 44% e o 56% (Figura 6.2). Só no ano 2009 se observa unha diferenza substancial, cun 62% de teses defendidas por homes.

Figura 6.2. Porcentaxe de homes e mulleres que defenderon a tese (desde 2008)

